

HISTORIA DA FILOSOFÍA

1. BREVE INTRODUCCIÓN Á MATERIA

A asignatura está orientada ao coñecemento da historia do pensamento occidental e permite entender cales foron e son as distintas formas de entender o mundo e o ser humano ao longo da historia; e que estas ideas non xorden sen máis, senón en determinadas circunstancias históricas. Ademais poderemos comprender a orixe e as razóns dalgunhas ideas e crenzas que aínda temos actualmente. Por iso sempre se di que a filosofía fomenta o pensamento crítico e autónomo.

A materia está estruturada en cinco bloques:

- 1º Contidos transversais
- 2º A filosofía na Grecia Antiga
- 3º A filosofía medieval
- 4º A filosofía na Modernidade e na Ilustración
- 5º A filosofía contemporánea

2. PERFIL DO ALUMNADO

Para todos os alumnos na carreira de Filosofía, Humanidades e Ciencias Sociais en xeral. E para todos aqueles interesados en coñecer e analizar a cultura en que vivimos.

3. SAÍDAS PROFESIONAIS

A docencia e a investigación. Outras saídas son a xestión cultural, a difusión periodística e o traballo no mundo editorial.

4. PARA SABER MÁIS

-Consultar na páxina web:

http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/17_historia_da_filosofia.doc

-Preguntar no Departamento de Filosofía